

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

- 1.- De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **5 profesores/as**, dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar. Catro deles por un período de 4 anos e o outro por un período de 2 anos (vacante sen cubrir das últimas eleccións).
- 2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir do 5 de novembro no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 18 de novembro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día seguinte a data deste documento ata as 14'00 horas do día 12 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo director do Centro, que actuará como presidente, e os profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
- 5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de 4 nomes da lista de candidatos/as.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegado.
- 7.- A votación realizarase mediante Claustro extraordinario convocado a tales efectos, para o **día 21 de novembro, ás 11:15 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vilalba, 5 de novembro de 2024.  
O director do centro,

Asdo.: Víctor Alfredo Peinó Díaz

